



Avda. da Habana, 95-baixo
15320 As Pontes (A Coruña)
tlf. e fax.- 981440884
e-mail: bngaspontes@terra.es
www.bng-galiza.org

D. Xaime Castro Paz, voceiro (titular) do grupo político municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, segundo escrito de entrada nº 4958, do 16 de xuño de 2007,

EXPÓN

- Que na lexislatura anterior 2003-2007, dende a Concellaría da Área Sociocomunitaria, no deseño e aplicación prioritarias de **políticas activas municipais** de incorporación da muller a vida social, laboral e familiar, estábanse a desenvolver **obradoiros lúdico-educativos** para permitir a **conciliación durante os períodos vacacionais** das/os nenas/os escolares do noso concello.

- Que, no marco xenérico de **mellora continua** dos servizos municipais, realizábanse enquisas valorativas das actividades desenvolvidas, das/os monitoras/es, e do servizo no seu conxunto, das que se deducía, ademais dunha moi boa nota global, a **demanda para os meses de agosto e nadal**, período este último xa atendido no 2006.

- Que no orzamento do ano 2007 contémpanse **20.000 euros** para a contratación dos obradoiros de referencia, subvencionados pola área de **Benestar da Deputación**, cunha **ratio** dun/ha monitor/a por cada 10 nenos/as, e a **utilización de instalacións municipais**, nomeadamente *biblioteca, piscina, pavillóns, ...*

Polo que

SOLICITA

Que, tendo en conta a existencia tanto de **recursos propios**, orzamentarios e de instalacións, como externos -que deberán xustificarse-, os obradoiros lúdico-educativos organizados polo Concello se **amplíen ao mes de agosto**, dacordo coas demandas dos/as usuarios/as, e que a súa **ratio sexa de 1:10**, atendendo a criterios de calidade do servizo, o que, sen dúbida, "*redundará en beneficio do noso pobo*".

As Pontes, 5 de xullo de 2007
O VOCEIRO DO G.P.M. DO BNG

Asdo.: Xaime Castro Paz

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES.